



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA

14 NOV. 2011

73706



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 71117**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Carlos I. Aymerich Cano e don Carlos F. Branco Parga, sobre **"as razóns da demora na posta en servizo do Centro de Día das Pontes de García Rodríguez, dentro do prazo anunciado no Parlamento de Galicia polo director xerente do Consorcio de Servizos Sociais e Benestar, e a data prevista para ese fin"**, (publicada no BOPG núm. 553, do 5 de outubro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

"A apertura do centro de día de As Pontes está prevista para este último trimestre de 2011. Cara a esa posta en funcionamento, realizáronse xa os seguintes trámites:

- O pasado 19/05/2011 publicouse no Diario Oficial de Galicia a licitación, polo procedemento aberto multicriterio, da contratación da xestión do servizo público asistencial, en réxime de concesión, do devandito centro de día. Esa xestión foi adxudicada o 10/08/2011.
- O 29/09/2011 publicouse no Diario Oficial de Galicia a licitación polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar do equipamento do centro de día das Pontes. O prazo de presentación de propostas rematou o pasado venres 14 de outubro.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

A obra de construción do centro foi recepcionada o día 22 de xullo do 2011.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

h

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia